

**ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA, POR SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UNHA PRAZA DE COIDADOR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (6007), GRUPO V, INCLUÍDA NA OEP 2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, PUBLICADA NO BOP DE A CORUÑA DE 22 DE FEBREIRO DE 2023.**

**PERSOAS ASISTENTES:**

Presidencia: D. Luís Fole Barrio

Secretaría: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela

Vogais: D. Ramón Vereá Castelo, D. Jesús Rúa Taboada, Dna. María José Lage Vázquez.  
D. Luís González Guerra.

Transcorrido o prazo previsto nas bases reguladoras de convocatoria do proceso selectivo para a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa da listaxe provisional coa baremación de méritos sen que se tivesen presentado reclamacións, así como o prazo previsto nas mesmas para a impugnación das preguntas formuladas na fase de oposición sen que se tivesen presentado impugnacións, o Tribunal reúnese telemáticamente o venres 2 de agosto de 2024 ás 9,30 horas.

Segundo o disposto nas mentadas bases, a orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. A cualificación final dos aspirantes será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, e incluirá a proposta de nomeamento do aspirante que obteña a maior puntuación final. Asimesmo, os aspirantes que queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

En virtude do anteriormente exposto, o Tribunal adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Fixar como orde de prelación definitiva dos aspirantes que superaron o proceso selectivo a seguinte:

ORDE DE PRELACIÓN	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN FASE OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	Francisco Javier Torres Porto	***4226**	4	60	64



2º	Jesús Budiño Pereiro	***6980**	40	15	55
----	----------------------------	-----------	----	----	----

2º. Propoñer o nomeamento do aspirante que obtivo a maior puntuación final, Don Francisco Javier Torres Porto.

Faise constar que Don Francisco Javier Torres Porto e Don Jesús Budiño Pereiro superaron co resultado de APTO a proba eliminatoria prevista nas bases reguladoras da convocatoria para aqueles aspirantes que non estivesen en posesión do título CELGA2 ou equivalente. A mesma tivo lugar o día 29 de xullo de 2023 ás 14 horas e celebrouse ante todos os membros do Tribunal, que suscriben a presente Acta.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 09,40 horas da data sinalada no principio da presente acta.

